

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000015.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa Consistorial o vindeiro **mércores**, día **23 de abril de 2025**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

ACTAS E GOBERNO

1. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NO CONCELLO DE LUGO (2025/G004/000211).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DA ZONA URBANA DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2023/C003/000036. 1ª PRORROGA DO CONTRATO DENDE O 7 DE MAIO DE 2025 ATA O 6 DE MAIO DE 2026.

3. CONTRATACIÓN DE PATROCINIOS PUBLICITARIOS PARA AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2025 EXPTE. REF. 2025-C005-000001. ADXUDICACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

4. APROBACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA AMBULANTE NO MERCADO DE FRIGSA, ANO 2025. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,